



Altermundo

abaixo e á esquerda
está o **corazón**

TEMPOS NOVOS | TERCEIRA QUENDA | NÚMERO 03 | SETEMBRO 2012


PÁX 02. EIVAS



Fumigar Galiza

Para **Manuel Casal Lodeiro**, a espada de Damocles tóxica segue a pender sobre milleiros de hectáreas de monte galego

PÁX 04. ECOLOXÍA SOCIAL



Si que nos afecta

Martin Khor repasa a máis que posíbel relación entre a mudanza climática e os fenómenos atmosféricos extremos

PÁX 14. O REMATE



Nova crise alimentar

Jerónimo Aguado e Gustavo Duch afirman que sobran alimentos, mais a prezos inalcanzábeis por mor da especulación

Xosé Manuel Beiras fai un chamamento á rebelión e a desobediencia para recuperarmos o protagonismo como povos e como cidadáns

Pola creba democrática

BANKSY



É a hora da cidadanía exercente como tal. É a hora da soberanía popular no sentido prístino da palabra. É a hora da reconquista dos dereitos e as liberdades cívicas e políticas efectivas. É a hora dunha nova creba democrática con este rexime putrefacto e cun sistema aberrante e homicida, que leva camiño de acabar coa biosfera e, pola mesma, coa existencia do propio planeta. É a hora da rebelión

cívica como motor da emancipación dos individuos, as clases e os povos esmagados. É a hora da asunción dos principios e a práctica dos valores republicáns. É a hora da lealdade ao común cidadán e non da obediencia ás organizacións, mesmo ás organizacións das que formamos parte, se resultar imposíbel ser leal aos cidadáns séndomos obedientes ás directrices das organizacións.



Todo pola pasta (de papel)!



Manuel Casal Lodeiro
Consello Editorial de Altermundo

A industria papeleira española segue adiante cos seus plans de fumigar masivamente a Galiza cun pesticida declarado tóxico pola Unión Europea

Para salvar os eucaliptos, sacri-fiquemos as abellas; e con elas non só o medio de vida dos apicultores, senón un elemento chave dos ecosistemas que permite a polinización de numerosas plantas, incluídas moitas das que nos alimentamos. Ese é o plan que xorde no seo de ASPAPEL (Asociación Española de Fabricantes de Pasta, Papel y Cartón), entidade presidida por ENCE e que presume de sustentable, e que bota a andar en primavera coa colaboración da Xunta de Galicia, asociacións forestais galegas e concellos gobernados polo Partido Popular.

O eucalipto en Galiza áchase afectado por unha praga –algo ao que son sumamente proclives os monocultivos–

As industrias que só queren ver nos nosos montes unha fonte de papel e enerxía están sendo favorecidas polo actual goberno

dun insecto chamado *Gonipterus scutellatus*, ou gorgullo do eucalipto. Malia existiren outras vías para o combater, como a loita biolóxica, a industria papeleira opta por un insecticida da casa BASF, o *Cascade*, e cuxo principio acti-



PLATAFORMA CONTRA AS FUMIGACIONES

vo é o *flufenoxurón*. O escandaloso é que, contravindo a normativa europea, se elixe facer mediante fumigacións aéreas –que espárense o produto mesmo fóra das zonas afectadas– e que a propia UE decidiu prohibir por ser demasiado daniño para o medio ambiente. Porén, alguén debeu pensar en colocar os *stocks* do *Cascade* antes de que entrase en vigor a prohibición e eleixiron Galiza como o país que ía apandar.

Entre os efectos deste insecticida figura, na propia documentación do produto –aínda que o neguen con desca-ro tanto a Xunta como ENCE e determinados técnicos– que é tóxico para as larvas das abellas e para os organismos acuáticos. Por se fose pouco, os documentos da Comisión Europea

calificano de “persistente, bioacumulable e tóxico”. Á vista destes riscos, en canto a Asociación Galega de Apicultores (AGA) comeza dar a voz de alarma en abril, ponse en marcha a resposta social no país. Unha recollida de sinaturas online dá a coñecer a ameaza e acada milleiros de apoios nas seguintes semanas –hoxe vai xa polas 106.000 sinaturas. De aí a pouco fórmase unha *Plataforma contra as Fumigacións e por un futuro sen pesticidas*, na que se xuntan medio cento de organizacións como AGA, SLG, Adegas, Verdegaias, FRUGA, Amigos da Terra, Federación Ecoloxista Galega e colectivos sociais, agricultores ecolóxicos, centros sociais e asembleas dos *Indignados*. A intensa actuación da plataforma tanto na Internet –in-

cluindo bombardeo de mensaxes na páxina da Xunta en Facebook, campañas en Twitter baixo os lemas *#queremosAbellas* e *#fumigacionsNON*— como na rúa e nos xulgados —denuncia na Fiscalía de Medio Ambiente— comeza a preocupar o goberno galego, que se ve obrigado a dar explicacións en sede parlamentaria á oposición, e que co transcorrer das semanas se vai desmarcando timidamente do plan alegando que eles se limitan a autorizar as fumigacións pero só no caso de seren aéreas e repetindo que o uso do pesticida *aínda* está permitido e que non hai razón para a alarma social xenerada.

A Plataforma comeza entón a espallar a súa acción localmente cunha rede de informadores que asiste ás xuntanzas que realizan as asociacións forestais cómplices do plan fumigatorio para recabaren sinaturas dos propietarios, e logran que prevaleza o sentido común e se neguen a dalas. ADEGA saca tamén á luz un mapa coa localización dos puntos onde se pretende fumigar, información que transmitida pola Plataforma circula compridamente en Internet. Tamén comezan a chegar no mes de maio probas gráficas sobre fumigacións realizadas de xeito discreto, desde terra e por medio de canóns nebulizadores, enviadas por veciños preocupados que fotografían as camionetas. O que se pretendía unha masiva fumigación aérea sen coñecemento do público, salta ás páxinas da prensa e obriga aos seus promotores a tentar algo máis discreto cós helicópteros previstos inicialmente e a se limitaren ás fincas da súa propiedade (Norfor, filial de ENCE).

Hoxe o rebumbio mediático minguou, pero a espada de Damocles tóxica segue a pender sobre centos de milleiros de hectáreas de monte galego, sobre as augas e sobre o alimento de boa parte da nosa poboación. Por iso a Plataforma contra as Fumigacións vén de poñer en marcha coa colaboración dos cidadáns unha campaña de mocións municipais que xa logrou que



concellos coma Tui, Mondoñedo, Ribadeo, Redondela, Narón, Oleiros, Vilaboia, Ares ou Valdoviño se posicionasen en contra das fumigacións.

As industrias que só queren ver nos nosos montes unha fonte de papel e

Alguén debeu pensar en colocar os stocks do Cascade antes de que entrase en vigor a prohibición e eleixiron Galiza como o país que ía apandar

enerxía están sendo favorecidas polo actual goberno, se cadra tamén interesado en que o noso rural vire inhabitable e así quede o campo libre para elas. Doutra maneira non se comprenden este tipo de plans, nin a teimosía cos monocultivos nin lexislacións como a nova Lei de Montes.

Nun momento histórico no que se debería apoiar a base natural da economía do país, favorecendo non só a permanencia senón a progresiva implantación de máis poboación no rural, e defendendo a soberanía alimentar para afrontarmos o progresivo colapso do modo de vida industrial, o que se fai é xusto o contrario: contaminar masiva e persistentemente o ecosistema e destruír elementos críticos do mesmo, como as abellas, para salvar a pasta do papel. Por se tivésemos pouco coa degradación de chans e acuíferos provocada durante décadas polo monocultivo celulósico do eucalipto, por se fosen poucos os lumes forestais a que dan pé, agora queren que sacrifiquemos o noso dereito a cultivar a nosa propia comida nun van intento de defendelos dunha praga que eles mesmos favoreceron? O eucalipto demostra ser cada vez máis incompatible co noso futuro. •

+INFO: <http://FumigacionsNON.org>



> MUDANZA CLIMÁTICA

Tempo extremo

Os científicos non aseguran aínda que os fenómenos climáticos extremos estean provocados pola mudanza do clima, mais si afirman que as probabilidades medran



Martin Khor
Fundador da Rede do Terceiro Mundo e director do South Centre

BERT KAUFMANN



ecoloxía social

Altermundo

Os Xogos Olímpicos de Londres puxeron novamente sobre a mesa o tema da mudanza climática. A cerimonia de apertura foi amplamente aclamada, pero houbo outro factor importante, a sorte, que xogou para que a choiva non arruinase a festa.

Os organizadores, atletas e espectadores dos Xogos Olímpicos mantiveron os seus dedos cruzados para que non diluviara nos días seguintes. Poucas semanas antes, unha parte importante da Gran Bretaña quedou alagada. As pantallas de televisión e os xornais enchéronse de imaxes de automóbiles arrastrados polas rúas convertidas en ríos.

As choivas e inundacións inusualmente intensas alcanzaron os peores

niveis históricos en Gran Bretaña. En xaneiro, un informe goberamental expresaba que as inundacións provoca-

Un informe expresaba que as inundacións provocadas polas intensas choivas serían o peor efecto da mudanza climática nas vindeiras décadas

das polas intensas choivas serían o peor efecto da mudanza climática nas vindeiras décadas, con perdas estima-

das en millóns de libras esterlinas anuais.

Por suposto que os eventos climáticos extremos non se limitan a Gran Bretaña. A finais de xullo, polo menos setenta e sete persoas morreron e centenaes foron desprazadas na peor inundación que azoutou a Beijing en máis de sesenta anos, provocada por un prolongado dioivo ocorrido o 21 de xullo. Foi a choiva máis torrencial caída na capital da China desde que comezaron os rexistros en 1951.

Mentres tanto, Estados Unidos enfrenta un grave refacho de calor e seca. Isto provocou caídas importantes na produción agrícola, con serios efectos na subministración mundial de alimentos e nos prezos.

A seca atribúese en parte ao fenómeno da “Niña”, que ten un efecto de arrefriado no océano Pacífico, levando un clima máis cálido e seco ao sur do país, en especial a Texas, cuxa agricultura resultou devastada o ano pasado. Pero moitos científicos tamén a vencellan co cambio climático.

A “Niña” é só unha parte da historia, segundo Peter Stott, do Centro Met Office Hadley do goberno británico e coautor dun estudo que vincula o cambio climático coa seca de Texas e outros eventos extremos. Entrevistado por Voice of America, dixo que o seu estudo atopou “claras probas da influencia humana na onda de calor de Texas e tamén nas temperaturas inusuais que tivo o Reino Unido en 2011”.


O estudo sinala que a seca de Texas de 2011 tivo vinte veces máis posibilidades de acontecer que na década de 1960, como resultado das emisións de gases de efecto invernadoiro. A onda de calor de novembro pasado en Inglaterra tivo sesenta e dúas veces máis probabilidades de ocorrer que cincuenta anos atrás.

Os científicos son cautelosos e sinalan que é difícil establecer con exactitude que certos eventos extremos foron causados pola mudanza climática, pero novos estudos revelan que o mesmo aumentou a probabilidade de que eses eventos ocorran.

“O importante aquí é a combinación de variacións naturais do clima”, di Stott. “Vimos iso na “Niña”, en Texas, pero por sobre todo é este efecto adicional do clima o que pode provocar unha maior vulnerabilidade ao clima extremo, e en efecto fíxoo no último ano”.

En novembro de 2011, un informe pioneiro do Grupo Intergobernamental de Expertos sobre o Cambio Climático das Nacións Unidas –que involucra a cen científicos– vinculou o aumento de eventos extremos, como fortes choivas e asolagamentos, e ondas de calor, coa mudanza climática.

O informe avalía que hai polo menos un sesenta e seis por cento de po-



O asolagamento de Bangkok (Tailandia), a finais do ano 2011, foi dos peores dos últimos cincuenta anos

sibilidades de que os extremos climáticos muden como resultado das emisións de gases de efecto invernadoiro, e sinala que as perdas económicas derivadas de desastres vinculados ao clima están en aumento.

A seca de Texas de 2011 tivo vinte veces máis posibilidades de acontecer que na década de 1960, como resultado das emisións de gases de efecto invernadoiro

Entre os recentes eventos notabelmente extremos relacionados co clima en Asia figuran a peor inundación de Tailandia dos últimos cincuenta anos, en setembro-outubro de 2011, que tivo efectos devastadores nas manufacturas, na agricultura e nos fogares, con perdas

que o Banco Mundial estimou en 45.700 millóns de dólares.

Paquistán sufriu intensas choivas e grandes inundacións en xullo-agosto de 2010, que afectaron a vinte millóns de persoas, deixaron dous mil mortos e provocaron graves prexuizos á produción agrícola. En 2011, o país sufriu outro asolagamento importante que provocou a morte de milleiros de persoas.

O ano pasado unha grave seca afectou a África oriental e ao redor de doce millóns de persoas víronse ameazadas pola escaseza de alimentos. Tamén neste caso os científicos foron cautos en vincular a falta de choivas co cambio climático, pero opinaron que o mesmo aumentaba o risco de que tales eventos ocorresen. A crecente evidencia dos vínculos entre estes eventos extremos co cambio climático debería motivar tamén aos gobernos e movementos sociais a abordar con maior seriedade as causas do cambio climático. •

Artigo cedido a **Altermundo** polo 'Instituto del Tercer Mundo' (ITeM), Montevideo, Uruguai.

Cando os soldados prefiren morrer



Mauro Santayana
Xornalista brasileiro

En xullo pasado, revelan fontes oficiais, matáronse 38 militares norteamericanos. Un incremento de máis do 100% sobre os casos de suicidio do mes anterior. Vinte e dous deles atopábanse de servizo. Os demais volveran para a casa, mais xa non se sentían nos seus lares. Eran outros homes, desfeitos e refeitos polo horror.

Probabelmente xa non se sentían combatentes pola súa patria ou as súas ideas, e, si, meros mercenarios, enviados para asasinar en nome de intereses que nada teñen que ver cos

Salvo nas dúas guerras mundiais, cando xusta era a loita contra os alemáns e o nazismo, os soldados ianquis loitan por Wall Street

do seu pobo. Salvo nas dúas guerras mundiais, cando xusta era a loita contra os alemáns e o nazismo, os soldados ianquis loitan por Wall Street. O xenocidio inútil de Hiroxima e Nagasaki, ao manchar coa desonra o combate polos valores humanos, confirmou os exércitos dos EUA como bandos de pistoleiros do imperialismo.

Os EUA nunca tiveron que loitar no seu solo, a non ser na Guerra da Independencia. Sempre invadiron solo alleo, a partir da guerra contra México, en 1846, cando anexaran máis do 40% do territorio do país vencido. A Guerra da


Independencia, ben antes, trabárase contra homes iguais, da mesma etnia, da mesma fe, e poderíamos dicir, case das mesmas ideas. O mesmo veu acontecer no conflito interno, o da Guerra da Secesión, a pesares da crueldade dos combates e a bandeira ética do Norte contra a escravocracia do Sur.

Ese enorme privilexio —o de non coñecer as botas dos ocupantes estranxeiros— mudou en maldición. Os militares ianquis xa non atopan na alma, desde a derrota no Vietnam, ningunha razón para a loita. Están corroídos pola depresión, ou se transforman en animais, como os que se deixaran fotografar en Abu Ghraid, con seus cans. A depresión lévaos a desertar, de forma absoluta, e a estourar a cabeza ou o corazón coas súas propias armas.

O filósofo español Ortega y Gasset ten unha tese interesante sobre os militares e as guerras. Considera o cerco de Granada, polos Reis Católicos, en 1492 —o mesmo ano do descubrimento da América por Colón— como o fin do soldado que combatía con honra, e o inicio do soldado "técnico", que actúa como simple extensión da súa arma. No cerco de Granada, e na vitoria que seguiu, os casteláns usaran a planificación táctica e estratéxica, superando, en moito, aos gregos e romanos no proxecto das súas operacións. Segundo Ortega, alí morreu a bravura, e naceu o combatente moderno, simple máquina de matar, sen honra e sen sentimentos, a non ser os do odio inducido.

Os soldados americanos que se matan, torturados polo remorso, talvez sigan o lema que os xaponeses inscriben nos sabres destinados ao hakiriri: *saiba morrer con honra quen con honra non soubo vivir.*•

Solucións á crise ecocapitalista



En todo o mundo, a conciencia da ameaza ao noso medio ambiente é cada vez maior. A maioría das solucións que se ofertan —uso de lámpadas eficientes, bicicleta para ir ao traballo, cambios de estilo de vida— son individuais. Con todo, a magnitude da crise require axustes máis profundos. *Ecoloxía e socialismo* sostén que aínda queda tempo para salvar á humanidade e o planeta, pero só coa construción de movementos sociais pola xustiza ambiental que esixan mudanzas cualitativas na economía, no traballo e nas infraestruturas. Segundo Joel Kovel, autor de *The Enemy of Nature*, "Williams engade unha voz nova e vigorosa á crecente conciencia de que é o sistema capitalista o que está a arruinar o fundamento natural da nosa civilización e ameaza a propia idea dun futuro. Estou impresionado pola forma en que se desenvolve un claro e poderoso argumento para un socialismo ecolóxico directamente desde o chan real da loita. *Ecoloxía e socialismo* é unha adición notábel ao crecente movemento para salvar o noso planeta do capitalismo mortífero".

O libro pódese mercar no portal de internet www.amazon.com •



Exhortación á desobediencia



Xosé Manuel Beiras
Consello Editorial de Altermundo

polo miúdo

O texto corresponde á transcripción da alocución de Xosé Manuel Beiras na homenaxe que lle renderon no Auditorio de Galiza o 17 do Nadal de 2011, feita, retocada e adaptada por el mesmo

Quero ser moi sincero. Quero falarvos co corazón aberto sen perder o control dos sentimentos polo meu compoñente racional: Son un home emotivo e até apaixonado, que se exalta, mais ao mesmo tempo son un ser que cré na razón, e que nunca deixou de exercer a razón na medida das súas posibilidades. E quero dirixirme a vós dende a solaina da miña xeración: a xeración que retomou o testigo directamente dos superviventes da Xeración Nós e do Partido Galeguista, e mesmo das Irmandades da Fala, e máis a traveso da conexión cos que empezaron a montar os dispositivos da loita cultural posíbel baixo o franquismo arredor da Editorial Galaxia nos anos 50.

Esa xeración, en rigor, o que ten para min como definicións primordiais é que é unha xeración de xentes que nos movíamos por valores, e nunca por intereses; e que tiñamos a ética como fundamento da política –e primordialmente a ética da fraternidade, a ética da irmandade, da irmandade no sentido da noción histórica das irmandades dos Irmandiños, e polo tanto da auténtica revolución baixo-medieval das camadas de servos e da burguesía das cidades e da fidalguía baixa fronte ao poder despótico e oligárquico do Estado, da Coroa de Castela, e da nobreza "alburgueira e bárbara". Ise é o



sentido que ten para nós a noción de irmandade, e xa que logo a de fraternidade, equivalente á de irmandade, non no sentido patriarcal, senón no que lle conferiu a esquerda do bloque revolucionario francés do 1789: a fraternidade como principio de democracia horizontal, como principio necesario para integrar no proceso revolucionario de emancipación ao 'cuarto estado', aos 'sans culottes', aos que non tiñan bens de seu nin medios propios para viviren. Ise é o sentido que tenas Irmandades da Fala –ao cabo, fala dos oprimidos e desposuídos– e o sen-

tido co que está inserido no ideario do nacionalismo galego, dende os Precursores ao Partido Galeguista.

Por iso eu sempre me lembro das cartas cruzadas entre os galeguistas, tanto os que estaban no exilio ou de alén-mar coma os de acá. Tratábanse de 'irmáns', e non no sentido patriarcal, insisto, senón no antitético da "lei de familia": no sentido da "lei civil", no da fraternidade –na que nós seguimos a insistir porque é a única base posíbel da formulación ética dun movemento que ten que ser un movemento da nación no seu conxunto, ou sexa,

Altermundo

do común cidadán no seu conxunto.

Porque non hai movemento de emancipación nacional dun povo espoliado, dun povo asoballado, dun povo colonizado, que poida prosperar se non é un movemento de fraternidade onde esteñan por diante os eixos vertebradores dun proxecto común de emancipación nacional e social. Non pode habelo. Se falamos dos bós e xenerosos... Algúns –moitos e moitas– pensamos o que dicimos cando cantamos o Hino nacional galego. Algúns, moitos e moitas, seguimos a descodificar conscientemente o que siñifican as verbas de Pondal cando fala dos "bós e xenerosos", e cando pola contra define aos "imbéciles e escuros, e férridos e duros". E sabemos perfectamente que, daquela, "bós e xenerosos", iso siñifica "fraternidade". "Hai sitio para todos", dixera Castela: cómpre que este país reorganice a súa capacidade de ser quen mediante un amplo encontro fraternal de tódolos cidadáns de boa fé, de tódolos descolonizados para descolonizaren aos demáis. É a única maneira de artellar un proxecto alternativo do común fronte a un poder oligárquico e despótico –que é a metamorfose actual do fascismo. Es-

tamos a padecer a metamorfose actual do 'Atila en Galiza', e levamos camiño dunha 'Galiza mártir', aínda que sexa ou pareza incruenta: hai moitas maneiras de ser mártir, e moitas ma-

Cómpre que este país reorganice a súa capacidade de ser quen mediante un amplo encontro fraternal de tódolos cidadáns de boa fé, de tódolos descolonizados para descolonizaren aos demáis

neiras de esborrallar un país. Están a facelo, dándolle a volta polo forro ao sentido que tiñan as precarias institucións de autogoberno. Están empoleirados en San Caetano, convertidos en brigada de demolicións, limpeza étnica, ecocidio e socialicidio. Os que inclusive cando ocupan unha institución chamada Valedor do Povo, transfór-

manse en mutantes que convirten ao 'valedor' en 'agresor' do povo, da súa cultura e do seu idioma. Estamos perante a subversión total das institucións criadas na democracia. E fronte a isto, ou ben facemos profisión da ética da solidariedade, da fraternidade, da igualdade, ou sexa, ou ben facemos profisión e práctica dos principios republicanos dunha sociedade, en clave da nosa nación e do noso povo, ou seremos falsos e mintirás, e non seremos 'bós' nin 'xenerosos' –e estaremos mal que ben treizoando aos nosos ancestros, treizoando a loita dos Bóvedas e os Castelaos que invocamos, dos Fardos, das Rosalías e de todos e tódalas demáis. Tamén a da moitedume de homes e mulleres comúns represaliados e esquencidos, mesmo de mulleres que estiveron no maquis cos seus homes –como por caso as recollidas no último libro de Aurora Marco, as mulleres silenciadas, das que nunca se fala, mais que foron un factor fundamental para a resistencia fronte o fascismo no monte durante os anos 40 e 50.

Eu non estou a botarvos un mitin, non: estou a falarvos coa voz dunha xeración. Dunha xeración nun senso moi amplo: non estritamente só dos que fomos nados entre 1930 e 1940, a xeración na que estamos inserid@s quen decidimos abordar a práctica política emancipadora organizada nun Consello da Mocidade que fendeu inmediatamente, pero que moi logo daría lugar ao nacemento do PSG e da UPG. Non só a xeración nada nese estrito período, dígovos, senón unha xeración máis ampla, que abrangue dende os anos vintetantos hastra mediados dos corenta. É a xeración que en definitiva consegue acadar masa crítica á altura da data que en toda Europa ten unha cór bermella, que é o 68, o do 'maio francés', mais tamén na América o 68 dos asasinatos do Ché e de Luther King e dos movementos de protesta contra a guerra do Vietnam e da eclosión das loitas polos dereitos civís e contra o

DANIELE GRASSO





Xosé Manuel Beiras, durante o Foro Social Mundial de Dakar (Senegal), en febreiro de 2009

racismo e o colonialismo imperial. Como agora os movementos cívicos de protesta e denuncia contra a tiranía dos banqueiros, da plutocracia que controla e manipula os malchamados 'mercados' financeiros. E non esquezamos que, antes do maio francés do 68, en febreiro-marzo, estralara a rebelión do 68 na Universidade de Santiago de Compostela –moitos de nós estabamos alí. Esa xeración que fixo masa crítica e que soubo lanzar todo un proxecto común xa daquela, de organización das forzas cívicas fronte ao fascismo para irmos cara unha creba democrática, iso que foi roubado dende arriba por un contubernio de organizacións internacionais erixido en directorio na sombra e presidido polo Departamento de Estado dos EEUU, aló polos anos setenta.

A nosa xeración, insisto, movíase por valores e non por intereses, tiña a

ética como fundamento da política, e máis o respecto e a veneración aos nosos ancestros e devanceiros, dende

A nosa xeración movíase por valores e non por intereses, tiña a ética como fundamento da política, e máis o respecto e a veneración aos nosos ancestros e devanceiros

os Precursores á Xeración Nós e o PG. Praticabamos aquilo que na arte está tan absolutamente demostrado: que non hai vangarda sen tradición –as vangardas xurden nas artes cando hai de-

trás unha tradición, hai unha relación dialéctica entre a vangarda e a tradición. E a vangarda que foi a nosa xeración na loita cultural e cívica, con novas formas de facer loita cultural –como ten relatado Manolo Caamaño– e na loita social coa xestación e a creación de organizacións propias nos movementos sindicais –o SOG como xérmolo do que logo ían ser a ING, INTG e así seguido, e as Comisións Labregas despois convertidas no actual SLG– ou mesmo de organizacións precursoras e pioneiras na defensa ecolóxica do noso país, como ADEGA, en 1976 nada menos. Esa xeración, fundamentalmente, foi vangarda. Pero foino porque soubo perfectamente coñecer, estudar e recoñecerse nunha tradición existente dende a Revolución galega de 1846 –máis: dende os propios Ilustrados galegos do XVIII– deica a bestial irrupción de Atila na Galiza do 1936.

E porque sempre pelexamos por unha nación de iguais, unha nación de cidadáns —e xa que logo polos principios e valores republicanos.

Mais, acaso é ésta, hoxe, unha xeración derrotada? Confésovos que, nos momentos de máis negro pesimismo, nos últimos tempos, eu, con frecuencia, teño dito, teño confesado aos meus íntimos, á xente nova coa que traballo no Encontro —e non só xente nova, compañeiras e compañeiros de diferentes fornadas, e mesmo aos meus propios fillos— que eu coído que son membro dunha xeración derrotada. Porque era, ou semellaba ser, a xeración chamada a dirixir, a liderar, a protagonizar lexítimamente o post-franquismo, nun proceso constituínte de construción 'ex-novo' dunha fórmula democrática de Estado plurinacional baseado no exercizo combinado da soberanía popular polos cidadáns e de cadansúa soberanía nacional polos povos que decidísemos artellalo. Mais ao cabo fomos unha xeración suplantada por outra xente que non tiña detrás esa traxectoria de combate antifascista a prol dos dereitos e liberdades democráticas dos cidadáns e dos povos. Abofé que non foi iste un fenómeno acontecido só na Galiza. Deuse no conxunto do Estado español, con variantes e en medidas diversas. Deuse asimismo noutras transicións. Estámolo a ver, inclusive en tansicións como a que se deu na reunificación alemana, cando ún descobre que a tan neoliberal 'kaiserina' Merkel, non só fora xefa das mocidades do partido do poder na DDR, senón que funcionaba como confidente da famosa Stasi, a policía política de aquil rexime, e que 'cambiara a chaqueta' nun tris-tras —como eiqui Fraga: non hai 'fragas' só na Galiza.

Mais, é realmente a nosa unha xeración derrotada? Pois non; pois non. Non somos unha xeración derrotada —só que nos tocou vivirmos arestora, con todas e todos vós, o final dun ciclo histórico. Estamos a presenciar e vivir o final dun ciclo histórico. Ao nivel

mundial, do sistema-mundo, o final dun ciclo sistémico, dun ciclo de hexemonía, unha 'crise de hexemonía' —que deriva nun período de 'caos sistémico'. Está ben á vista, é evidente. Un

É a hora dunha nova creba democrática con este rexime putrefacto e cun sistema aberrante e homicida

E nesa loita estarei convosco, man con man, no proxecto común de toda a cidadanía galega, agás as oligarquías e os puntos de apoio dos poderes que nos espolían, nos alienan e nos queren borrar do mapa e da Historia

ciclo tamén en Europa, o calexón de sal-se-podes no que está metido o proxecto institucional da UE, dunha UE deturpada e convertida unicamente nunha unión monetaria que agora fai auga por ámbolos dous costados, que está abocada ao fracaso, xa fracasou. Unha UE onde instancias que non teñen aval democrático ningún son as que dictan consignas aos inquilinos das institucións políticas dos estados, organismos que son testaferros dos poderes plutocráticos que deciden se un presidente de goberno, grego por caso, eleito mal que ben por sufraxio popular, pode ou non convocar a un referendun aos cidadáns. Unha UE onde eses mesmos xerarcas da chamada 'troika' —BCE, FMI e Comisión da UE— poden remudar un goberno e pórenlle á ca-

beza aos axentes dos Goldman Sachs de turno que foron outrora os causantes da traxedia que arestora está a padecer o común cidadán, sexa grego, portugués, irlandés, italián, galego ou euskaldún. Estamos a vivir o final do ciclo aberto despois da II Guerra Mundial no 45, e dunha UE 'caput', que ou ben conseguimos entre todos re-construir peza a peza e paso a paso, desde as bases da Europa dos povos, da Europa dos cidadáns e da Europa social, ou evidentemente non fará máis ca derivar nun neo-totalitarismo de facto cada pouco menos camuflado. E estamos, a nivel estatal español, no estertor final do rexime nado da 'modélica' Transición —modelo de fraude política, quer dicir— que naturalmente está a acabar, de modo análogo a como estaba acabando a Iª Restauración borbónica a finais dos anos 20, de xeito análogo —análogo, digo, non igual, porque a Historia non se repite— está a rematar esta IIª Restauración no segundo decenio do s.XXI. Un rexime que apodrece, está a apodrecer 'ao vintimperio', como o cadavre de Polinice na traxedia de Antígona na recriación de Anouhil que traduciramos ao galego Franco Grande e máis eu, vai alá xa meio século.

E polo tanto tamén, o remate dun ciclo histórico en Galiza: o remate da Autonomía. Cando a Autonomía se transforma no seu contrario. Cando se convirten as institucións autonómicas nunha a xeito de Deputación Supra-provincial: non deixa de ser un sarcasmo que, cando o nacionalismo galego levaba todo o século XX a reclamar inútelmente a supresión das Deputacións provinciais, agora sexan os seus inimigos e recalcitrantes boicoteadores desa medida os que digan que convirá suprimilas -e non precisamente polas mesmas razóns e obxectivos, claro é.

Daquela, nese ciclo histórico o que estamos a vivir é o remate dunha época. Pero simultaneamente estamos a percibir como comezan a enxendrar-

se as bases dunha época nova. A subversión reaccionaria das institucións políticas, a metamorfose do fascismo –metástase, no caso español, pois que de aí nunca fora erradicado–, a especie de IV^o Reich que se está a impoñer, o poder obscenamente ubicado fóra das institucións políticas e exento de calquer caste de control democrático, os monecos de ventrílocuo en que son convertidos os representantes eleitos dos cidadáns, que deixan de os representaren xa dende antes de que os voten e están simplemente ao servizo dos poderes que lles marcan as pautas anti-democráticas de actuación, a contumaz práctica de gobernar contra os cidadáns, a impiedade dos crimes do poder, e enfin, o que digo, unha 'soberanía de cartón', un Estado en proceso de liquidación a prezos de saldo: velaí o panorama que dexergamos na nosa contorna. E sen embargo, nen nós como xeración, nen vós como cidadáns, nen este povo, nen os povos do mundo, estamos derrotados. Simplemente compre recuperarmos o protagonismo como povos e como cidadáns.

É a hora da cidadanía exercente como tal. É a hora da soberanía popular no sentido prístino da palabra. É a hora da reconquista dos dereitos e as liberdades cívicas e políticas efectivas. É a hora dunha nova creba democrática con este rexime putrefacto e cun sistema aberrante e homicida, que leva camiño de acabar coa biosfera e, pola mesma, coa existencia do propio planeta. É a hora da rebelión cívica como motor da emancipación dos individuos, as clases e os povos esmagados. É a hora da asunción dos principios e a práctica dos valores republicáns. É a hora da lealdade ao común cidadán e non da obediencia ás organizacións, mesmo ás organizacións das que formamos parte, se resultar imposible ser leal aos cidadáns séndomos obedientes ás directrices das organizacións.

Iste é o momento no que estamos, e só quero, eu, ser nisto o espello de



todas e todos vós. Só quero exhortarvos á desobediencia, a exercéredes a dignidade e a praticáredes a indignación. A séredes a consciencia activa e combativa desta nación de Breogán, dado que nos corresponde agora aos cidadáns do común asumirmos a responsabilidade que tiñamos delegada nos nosos representantes eleitos. E nesa loita estarei convosco, man con man, no proxecto común de toda a cidadanía galega, agás as oligarquías e os puntos de apoio dos poderes que nos espolían, nos alienan e nos queren borrar do mapa e da Historia.

Con estes principios, con ese proxecto, nese combate estarei convosco mentras teña azos. Mentras siga a alentar. Porque unha vez, hai ben tempo, escribira, neses caderniños de notas que na adolescencia e na primeira mocidade levaba decote conmigo, e logo deixei, e ao cabo desapareceran –moitas veces escribía nils cousas propias de vellos, e non dun mozo como eu era– escribira eu xa daquela algo que dicía: "eu loito sen esperanza, e mesmo por iso é ben certo que non desertarei endexamáis".

Grazas. •



> NOAM CHOMSKY Lingüista, filósofo, activista estadounidense e profesor no Instituto de Tecnoloxía de Massachusetts

que é o que di...

“O ESTÁNDAR GOBERNANTE É A SUBORDINACIÓN AOS INTERESES DO PODER”

Cando o mércores 15 de agosto deste ano resultaba inminente que Julian Assange obtería o asilo político que solicitara, de parte do goberno do Ecuador, escribinlle ao profesor Noam Chomsky, un dos pensa-

dores máis importantes da actualidade, para que me respondese unhas preguntas sobre o antedito asilo, sobre a xeopolítica que rodea este caso e sobre a liberdade de expresión.



José María León Cabrera
Gkillcity,
Guaiaquil,
Ecuador

Hai varios meses mantivera unha breve correspondencia co profesor Chomsky, que aínda non puidera materializar nunha entrevista para *Gkill-City*. Con todo, cruzamos un par de correos e, aínda que me

cero. Iso evidenciábase polo trato brutal e ilegal a Bradley Manning e a histeria xeneralizada do goberno e os medios sobre Assange. Máis aló disto, para aqueles que cren que os cidadáns teñen o dereito a saber que é o que o seu goberno planea e fai –isto é, quen teñen un persistente afecto pola democracia– Assange non debería afrontar un proceso xudicial senón, pola contra, ser condecorado cunha medalla á honra.

primeira vez o mundo está a ver a verdadeira cara da diplomacia?

Calquera que estude documentos desclasificados axiña advirte que o segredo gobernamental é un esforzo para protexer aos facedeiros de políticas públicas do escrutinio cidadán, non para protexer o país de inimigos. Ese segredo é ás veces xustificado, pero é algo raro, e no caso de *Wikileaks* non vin un só exemplo que así o merecera.

Con todo, esta non é –de ningún xeito– a primeira vez que documentos filtrados expuxeron a “verdadeira cara da diplomacia”. Os *Papeis do Pentágono* é un caso famoso pero a verdade é que este é un asunto constante. Os rexistros expostos, mesmo os documentos desclasificados oficialmente, son polo xeral bastante impresionantes; aínda que é moi raro que esta información sexa coñecida polo público en xeral e, incluso, pola maioría da academia.

advertiu que tiña unha cola de solicitudes de entrevistas que adoita programar para meses despois, ía facer o posíbel por respondelas. O domingo 19 recibín un correo electrónico ás 10:08 da mañá, cunha breve introdución de Chomsky, quen devolvía o cuestionario contestado.

Queremos coñecer as súas impresións sobre o último *affair* diplomático que puxo ao Ecuador no centro da atención internacional: o asilo a Julian Assange. O goberno dos EUA emitiu unha declaración na que expresa que este é un problema entre británicos, ecuatorianos e suecos. Cre que é un argumento honesto? Están os EUA interesados realmente no destino de Assange?

A afirmación non pode ser tomada en serio. A sombra que axexa sobre todo este asunto é a expectativa de que Suecia envíe de forma rápida a Assange aos EUA, onde as oportunidades de que reciba un xuízo xusto son, virtualmente,

“O segredo gobernamental é un esforzo para protexer aos facedeiros de políticas públicas do escrutinio cidadán, non para protexer o país de inimigos”

“As grandes potencias considéranse a si mesmas inmunes ao dereito Internacional”

Nunha entrevista con Amy Goodman, de *Democracy Now!* afirmou que a maior razón para existiren os segredos gobernamentais é protexer eses mesmos gobernos da súa xente. Por

No asunto do asilo a Assange, argumentouse que o goberno ecuatoriano mostrou ambigüidade cara á liberdade de prensa: por unha banda manteñen unha constante confrontación retórica –que foi levada ás cortes, como os casos do Diario O Universo e os xornalistas Juan Carlos Calderón e Christian Zurita, autores do libro *Gran Irmán*– e pola outra, outórganlle o asilo a Assange. Ve vos tede tamén contradición nisto? Ou ten unha lectura diferente?


Persoalmente, penso que só en extremas circunstancias debe ser utilizado o poder estatal para restrinxir a liberdade de prensa, sen importar o desgrazado e corrupto que sexa o comportamento dos medios. E sen dúbida houbo moitos abusos severos –por exemplo, houbo un escándalo internacional hai uns anos cando as leis británicas sobre calumnias foron utilizadas por unha gran corporación mediática para destruír a un pequeno diario disidente por publicar unha crítica a unha nova publicada pola gran corporación. Iso non xerou, virtualmente, ningunha crítica. O caso ecuatoriano debe ser examinado individualmente, pero máis aló de calquera conclusión, non ten porque pesar no outorgamento do asilo a Assange, así como a antedita vergoñosa supresión da liberdade de expresión no caso británico non tería porque pesar se Inglaterra outorgase asilo a alguén que tema ser perseguido. E ninguén diría o contrario en casos de calquera Estado occidental poderoso.

Xa que falamos de ambigüidade, hai un dobre estándar na aplicación da lei por parte dos británicos, xa que no caso Pinochet a extradición solicitada por Garzón foi rexeitada?

O estándar gobernante é a subordinación aos intereses do poder. De cando en cando hai unha desviación.

Cal é, na súa opinión, o futuro inmediato do caso Assange? Vai a policía británica a asaltar a Embaixada ecuatoriana? Poderá Assange saír do Reino Unido e permanecer fóra de todo risco até chegando ao Ecuador?

Virtualmente, non hai ningunha posibilidade de que Assange poida saír do Reino Unido, nin da Embaixada de Ecuador. Dubido moito de que Inglaterra vaia asaltar a Embaixada, que sería unha violación radical do Dereito Internacional, pero tampouco creo que esa opción deba ser descartada. Paga a pena lembrar, por exemplo, o asalto á Embaixada do Vaticano feita por forzas estadounidenses



des logo de invadir Panamá, en 1989. As grandes potencias considéranse a si mesmas inmunes ao dereito Internacional e as clases educadas polo xeral protexen esa postura. A miña previsión é que os británicos esperarán até que Assange non tolere máis estar confinado a un pequeno cuarto na Embaixada –que de feito é un departamento de tamaño modesto.

Nun aspecto máis amplo, e para rematar a entrevista, Slavoj Zizek dixo que non estamos destruíndo o capitalismo, senón testemuñando como o sistema se destrúe a si mesmo. Son os movementos Occupy, as crise financeira en Europa e EUA, o xurdimiento de Latinoamérica e outras rexións antes reputadas marxinais e o caso Wikileaks signos do derrube do sistema capitalista?

Lonxe diso. A crise financeira en Europa podería ser resolta, pero está a ser utilizada de panca para socavar o contrato social europeo; é, basicamente, un caso de loita de clases. Os rexistros da

Reserva Federal dos EUA locen mellor que os do seu par europeo, pero son aínda demasiado limitados, e hai outras medidas que poderían adoptarse para paliar a crise nos EUA, que é unha crise de desemprego, principalmente. Para a poboación en xeral, o desemprego é a maior preocupación pero as institucións financeiras, que teñen unha posición dominante na economía e o sistema político, están máis interesadas en recortar o déficit e os seus intereses prevalecen. En xeral, hai unha fenda xigante entre o interese público e as políticas públicas. Este é un só caso. O xurdir de América Latina é un fenómeno con significado histórico, pero está lonxe de remover o sistema de estado capitalista. E malia que Wikileaks e os movementos Occupy son irritantes para os poderosos –e unha gran axuda para o público–, non son unha ameaza para os poderes fácticos dominantes. •

Entrevista cedida polo medio alternativo ecuatoriano *Gkillcity* a **Altermundo**, para ser publicada en lingua galega.



Crise alimentar, un feo costume

Jerónimo Aguado e Gustavo Duch

Revista Soberanía Alimentaria, Biodiversidad y Culturas


o remate

Estase a converter nunha inaceptábel rutina. Cada dous anos, máis menos, sacódenos unha crise alimentar pola forte subida do prezo dos cereais. Din os indicadores que novamente nos vén unha enriba e que promete ser tormentosa. O ollo do furacán sitúase esta vez nas malas colleitas dos Estados Unidos, en concreto apuntan que a súa colleita de millo pode caer un 17% sobre o previsto e un 8% a colleita de soia.

Lendo a información que se publica ao respecto diso, e desde a nosa inxenuidade, pensamos que serán moitas as toneladas que se deixarán de producir para que o prezo medio dos cereais, en pouco menos dun mes, suba máis dun 25%. Que teremos moitos mercados desabastecidos. Pero non, para nada, aínda tendo en conta que falamos de previsións, o factor que din provoca a subida de prezos é un descenso total de 23 millóns de toneladas de cereais, que situarán a colleita final en 2.396 millóns de toneladas. É dicir un 1% menos para o que será unha nova marca a escala mundial.

Pero, efectivamente, un pequeno tropozón das previsións —que desde unha sinxela análise de oferta e demanda non debería ser significativo— lévanos ao vendaval da subida do prezo dos alimentos, porque ese prezo decídese nas bolsas da especulación. Aí é onde con es-

mero se tecen falsos argumentos para xerar a escalada de prezos. É aí onde dunha picada faise un rebentón.



En realidade un fracaso máis a engadir á lista dos desatinos do sistema alimentar agroindustrial no marco de libre mercado que temos. Porque a agroindustria que tantos parabéns recibe, na súa andaina (1) despraza a millóns de persoas campesiñas dos seus medios de vida e así temos que a gran maioría de poboación mundial que pasa fame faino en zonas rurais; (2) no proceso de produción, transformación e distribución dos alimentos, o modelo sen parangón, perde a metade do producido; (3) mentres que xerou un cantidade tan enor-

me de gases de efecto invernadoiro que sumandos é responsábel do 50% do total que tan preocupantemente quecen o noso Planeta; (4) mudanza climática que se converterá, vaia por Deus, nun limitante para o propio modelo agroindustrial; e (5) igual que o é a súa dependencia do petróleo, dos fertilizantes sintéticos e da auga de rega, tres elementos que polo seu consumo abusivo e mala xestión xa escasean, converterano nun modelo inservíbel en poucos anos logo do seu nacemento.

E a súa suposta gran bondade, a gran capacidade de produción de alimentos, de nada nos serve se, como vimos, dos máis de dous millóns de cereais que nos dixeron se producirán este ano, só a metade se usarán directamente para o consumo humano. A outra metade dedícase, aproximadamente nun 70%, á alimentación da gandería estabulada e o outro 30% á alimentación dos motores que camiñan con agrocombustíbeis. Sen políticas regulatorias e sen a participación das comunidades nas decisións agrarias, as empresas que controlan a comercialización do gran só miran onde atopar máis beneficios.

Teremos os mercados con gran máis que dabondo para a alimentación da poboación pero a un prezo tal que [moita] poboación non poderá adquirir. Ese é o drama. •

Altermundo | Suplemento Horizontal, publícase cada dous meses coa revista **Tempos Novos** | www.altermundo.org | **Consello Editorial:** ALFREDO IGLESIAS, ANA MIRANDA, ANTON FENTE, ANTÓN GÓMEZ-REINO, CÁNDIDO GRZYBOWSKI, CARLOS TAIBO, CARMÉ CARBALLO, DAVID RODRÍGUEZ, IMANOL DORCA, LUPE CES, MANUEL CASAL, MARGA TOJO, MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO, RAÚL ASEGURADO, REBECA FERNÁNDEZ, ROBERTO MANSILLA, XABIER MACÍAS, XABIER RON, XAVIER SIMÓN, XOÁN HERMIDA, XOÁN R. DOLDÁN, XOSÉ MANUEL BEIRAS | **Coordinador:** MANOEL SANTOS | Teléfono: +34 686 021 933 | Se queres colaborar escribe a tempos@altermundo.org